



QUEN SOMOS

Lagarta lagarta é unha empresa de produción teatral nacida en 2001 que xorde da iniciativa de Ernesto Chao e Rosa Álvarez, dous actores de longa traxectoria en Galicia., comunidade na que lagarta lagarta ten a súa sede e realiza principalmente a distribución dos seus espectáculos.

De ter que definir a lagarta lagarta en poucas palabras diríase que é unha compañía de actores, nacida co espírito de facer espectáculos que moitos actores agardan e ós que desexan enfrontarse, pero que por diversas circunstancias non se puideron levar a escena no seu día. É, polo tanto, unha compañía que pretende estar aberta a todas aquelas propostas interesantes que poidan xurdir, e non necesariamente no seu propio seo. Éste é un dos motivos polos que lagarta lagarta non conta cun plantel fixo de profesionais (dirección, intérpretes, deseños, etc.) polo que en cada caso, en cada produción, buscamos ós máis idóneos ou axeitados.

ESPECTÁCULOS PRODUCIDOS

O primeiro espectáculo producido pola compañía foi **CARTAS DE AMOR** de A.R. Gourney, que tivo unha excelente acollida tanto de público como de

CÁSTING (A COMEDIA)

A nova produción de lagarta lagarta



crítica. **CARTAS DE AMOR** estaba interpretado por Mabel Rivera e por Xosé M. Olveira Pico, senlleiros do teatro en Galicia e en galego. En **CARTAS DE AMOR**, presentabamos un traballo de coidada factura, prestando especial atención ó texto. De feito, pensamos que a mellor forma de subtitular o espectáculo era “Teatro para escoitar”.

No 2004 presentamos ante o público o que foi considerado como o éxito da tempada en Galicia ó conxugar o teatro comercial coa calidade: **FOBIAS** (Una extraña noche en casa de Luis Menda). **FOBIAS** foi un texto escrito expresamente para a nosa compañía, e concretamente para o que foi o seu elenco, por José Luis Prieto, autor que recibiu o Premio MAX 2004 ó Mellor Autor Teatral en Galego. Nos Premios de Teatro de Galicia (Premios María Casares) **lagarta lagarta** obtivo nove nominacións, recibindo finalmente os premios ó Mellor Espectáculo do Ano 2004, Mellor Texto Orixinal e Mellor Actriz Protagonista para Rosa Álvarez. **Lagarta lagarta** con **FOBIAS** participou na XII Mostra de Teatro Español de Autores Contemporáneos de Alicante, dirixida por Guillermo Heras.

Co seu terceiro espectáculo **CARAMBOLA (CÓNCAVO CONVEXO)** tamén escrito por Jose Luis Prieto **lagarta lagarta** recupera para os

CÁSTING (A COMEDIA)
A nova produción de lagarta lagarta



escenarios despois de anos de traxectoria profesional en televisión ó actor Ernesto Chao.

No ano 2007 realizamos a xira por Galicia de **AS ÚLTIMAS LÚAS**, unha tradución do texto *Le ultime lune* do autor italiano Furio Bordon. A elección do texto **AS ÚLTIMAS LÚAS** supuxo un enorme reto para lagarta lagarta, pola súa brillantez e elegancia, unha das marcas de calidade que pretendemos manter na compañía. Con este texto Marcello Mastroiani despedíase en novembro de 1995 do público e dos escenarios, falecendo pouco despois en París. Para este desafío contamos co magnífico traballo na dirección de Xúlio Lago, que goza de respecto por parte da profesión teatral, e de Cándido Pazó, recoñecido director, dramaturgo e tradutor. Nas máis de 60 funcións contratadas o espectáculo recibiu excelentes críticas e unha máis que notable acollida por parte do público.

En xullo de 2008 presentamos **AEROPLANOS** dando a coñecer ó axentino Carlos Gorostiza, considerado como o autor arxentino vivo máis importante, ante o público galego, nun texto conmovedor, cheo de tenrura e delicado sentido do humor. Foi seleccionada pola Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas para participar como representación galega na anterior



edición dos Premios Max como Espectáculo Revelación.

O noso anterior espectáculo O Segredo dos Hoffman segue de xira nestes momentos por Galicia. Adaptación da novela homónima de Alejandro Palomas, coa que foi finalista do VII Premio de Novela Ciudad de Torrevieja, e na que Rosa Álvarez conseguiu o Premio como Mellor Directora nos Premios María Casares de Teatro. Tamén foron premiadas nesa edición as actrices Belén Constenla e Rebeca Montero como actrices protagonista e secundaria, respectivamente, e o músico Fran Pérez pola Música Orixinal.

CÁSTING (A COMEDIA)
A nova produción de logarta logarta



CÁSTING (A COMEDIA)

A metáfora da vida como teatro, Cásting é unha historia repleta de humor, delicadeza e sinceridade para que o público ría, se identifique e se emocione. Para que poidan pensar nas súas propias vidas, nas súas decisións e desexos dunha maneira divertida.

Buscamos o riso liberador para espíritos liberados con personaxes ricos, entrañables e intensos e cun punto de loucura.

O noso mellor CÁSTING será pasar a proba do público.

Con María Bouzas, Ernesto Chao, Belén Constenla, Rocío González e Alberto Rolán no elenco e dirixidos por Rosa Álvarez



XIRA 2010

SETEMBRO

Venres 17 ás 20:30h no Pazo da Cultura de Narón
Sábado 18 ás 20:00h no Pazo da Cultura de Narón
Do xoves 23 ó domingo 26 no Salón Teatro de Santiago

OUTUBRO

Martes 19 ás 18:00h na Sala Capitol de Santiago
Venres 15 ás 20:30h no Centro Cultural Caixanova de Vigo
Sábado 16 ás 21:00h no Centro Social Caixanova de Pontevedra
Sábado 30 ás 21:00h no Centro Cultural e Xuvenil de Muros

NOVEMBRO

Do venres 05 ó domingo 07 no Teatro Principal de Ourense
Venres 26 ás 21:30h no Novo Salón Teatro de Lalín

DECEMBRO

Do venres 10 ó domingo 12 no Teatro Rosalía Castro de A Coruña



ROGER JUSTAFRÉ -Autor

Nado en Barcelona en 1944, fillo de ampurdanés e cubana de orixe santanderina, dí que é un apátrida visceral.

Bilingüe militante e políglota “amateur”, escribe, dirixe e actúa en teatro independente e profesional dende os quince años....é dicir, dende hai 51.....e segue....

Licenciado en Filoloxía Moderna pola Universidade de Barcelona e con estudos de Teatro na “Escola Adrià Gual”, exerce de profesor e tradutor ata que en 1972 entra en TVE-Barcelona como director-realizador, durante moitos anos especializado en dramáticos en castelán e catalán. De Esquilo a Coward, de Ibsen a Espriu, dirixe ós mellores actores ata que agonizan os dramáticos en TVE e pasa a musicais de todo tipo (óperas, ballet, jazz, especiais de cantantes) e programas mixtos como a serie QUERIDO CABARET” en 1990 ou docudramas como COMPÁS DE ESPERA, a serie GAUDÍ Y LA MÚSICA, os últimos con guión propio.

Ten recibido máis de 15 premios Teatrais; dende o “Ciudad de Barcelona 1968” ó “Arniches 2007”, pasando polo da SGAE no 1996 por “Hijos de la niebla”. Todos están publicados – moitos en versión castelán e catalá, nesas coleccións e revistas que ninguén le.

*CÁSTING (A COMEDIA)
A nova produción de logarta logarta*



Prohibido polo franquismo e ignorado pola democracia (por vello? por libre? Vai ti saber) a súa única estrea profesional foi en Uruguai dunha adaptación propia ó castelán de “Cásting”, que permaneceu durante unha tempada en cartel. Agora coa versión en galego dos “seus lagartos” avanza niso de “políglota”. Con Cásting acadou o accésit do Premio SGAE de 1995.

Prexubilado ós 58 anos dunha TVE en descomposición (agora xa descomposta) non vai desfalecer por iso.

Segue a escribir teatro, narrativa...lendo e colaborando en guións...escoitando todo tipo de música e sobre todo vendo as últimas montaxes de ópera na canle clásica de TVE, onde ten que pagar ás veces por ver as reposicións dos seus propios programas....aínda que paga a pena. “QUE COUSAS SE FACÍAN HAI ANOS”, dí. Tamén é adicto á canle Mezzo, unha marabilla francesa, de pago, naturalmente, onde emiten concertos, recitais e todo tipo de óperas, algunhas como as que antes gravaba TVR...como el mesmo fixo. Unha pequena anécdota: Víu “Luisa Fernanda” con subtítulos en francés. PAÍS!.



ROSA ÁLVAREZ - Directora

Dende o ano 1978 leva participado en máis de 30 espectáculos teatrais en diversas compañías entre elas Teatro Artello, Teatro do Malbarate, Centro Dramático Galego Lagarta lagarta etc. Os seus últimos traballos son ROMACE DE LOBOS de Valle Inclán para o Teatro Español de Madrid , AS ÚLTIMAS LÚAS de Furio Bordon, para lagarta lagarta, A BOA PERSOA DE SESUAN de Bertold Brecht para o C.D.G. , A PENSION de Alex Sampayo para Redrum Teatro e A ESMORGA de E. Blanco Amor para Sarabela Teatro.

En cine interviu en 15 longametraxes , 2 mediometraxes e 4 curtas. Os seus últimos traballos en longametraxes son TRECE BADALADAS de Xabier Villaverde , HEROÍNA de Gerardo Herrero, O ANO DA GARRAPATA de Jorge Coira, DE BARES de Mario Iglesias , OS MORTOS VAN APRESA de Angel de la Cruz, ANOS DESPOIS de Laura Gáldos e DOENTES de Gustavo Balsa. A última curta na que participou foi A BOA CALIGRAFIA de Alex Sampayo.

En televisión ten participado en diversos programas e series para TVG, Tele 5, Antena 3 e TV3, así como en 6 tvmovies, sendo os seus últimos traballos: LIBRO DE FAMILIA,

*CÁSTING (A COMEDIA)
A nova produción de lagarta lagarta*



CHAPAPOTE....O NO e FUTBOL DE ALTERNE de Albert Ponte.

Ó longo deste tempo recibiu numerosas nominacións e 14 premios, sendo os últimos:

- **Premio Mestre Mateo á mellor actriz secundaria por Entre bateas de Jorge Coira (2003) e por De bares de Mario Iglesias (2007)**
- **Premio de Teatro María Casares á mellor actriz protagonista por Fobias de José Luís Prieto.(2005)**
- **Premio Maria Casares á mellor dirección por O segredo dos Hoffman, de Alejandro Palomas (2010)**
- **Seis Premios de interpretación feminina por A Boa Caligrafía de Alex Sampayo nos Festivais de Noia, Guijuelo (Salamanca), Torrelavega (Cantabria), Jerez de la Frontera, Pasaia (Ikuska-Xapón), e Zaragoza.**

Recibiu tamén os premios Maruxa Villanueva e Premio de honra Abrente pola súa traxectoria.

CONTACTO

Marta Sacau

Secretaria de produción e distribución

Lagarta lagarta sl

Móbil:675 950956

lagartalagartaproduccion@mail.com - www.lagartalagarta.blogspot.com

CÁSTING (A COMEDIA)

A nova produción de lagarta lagarta



CÁSTING (A COMEDIA)
A nova produción de lagarta lagarta